



Guía de emprego no estranxeiro



Edición: 1ª, xuño 2013

Realizada por: Gloria Sande da Costa
Alfonso Fernández Andón

Gonzalo Mata Tojo

Coordinación: Axencia Local de Colocación - Obradoiro de Emprego "*Santiago Impulsa*"

Maquetación: Alfonso Fernández Andón

Deseño portada: Alfonso Fernández Andón e Beatriz Fernández Gradín


Edita: Concellaría de Economía, Emprego, Comercio e Turismo

Presentación

Nos últimos anos, as demandas de información e orientación sobre ás opcións de emprego no estranxeiro teñen aumentado sensiblemente, de xeito que moitas das persoas usuarias dos nosos servizos amosan un interese cada vez maior polas posibilidades do mercado de traballo máis alá das nosas fronteiras.

Foi este aumento da demanda de información e orientación sobre as posibilidades de emprego no exterior a que nos moveu a embarcarnos na realización deste proxecto, que a diferenza doutras guías que xa existen e que están máis centradas en Europa, a nosa intenta abranguer unha maior amplitude de destinos.

Polo tanto, e agardando que resulte de utilidade, presentamos a GUÍA DE EMPREGO NO ESTRANXEIRO.



AXENCIA LOCAL DE COLOCACIÓN
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INTRODUCCIÓN **6**

- Que atoparás nesta guía? 6
- Antes de empezar tes que saber... 7
- Ocupacións máis demandadas 7
- A importancia do idioma 12
- Infórmate todo o que poidas 12
- Buscando ofertas de emprego no estranxeiro... 13

GUÍAS DE EMPREGO DISPOÑIBLES EN INTERNET **14**

- Guías xerais 14
- Guías específicas de países 15

EURES: European Employment Service **15**

EUROPASS **17**

SERVIZOS PÚBLICOS DE EMPREGO **18**

- En Europa 18
- No mundo 18

PORTAIS INTERNACIONAIS DE EMPREGO **18**

PORTAIS DE EMPREGO POR PAÍSES **19**

ALEMAÑA	AUSTRIA	DINAMARCA
FINLANDIA	FRANCIA	HOLANDA
IRLANDA	MALTA	NORUEGA
REINO UNIDO	SÚIZA	SUECIA
IBEROAMÉRICA	ARXENTINA	AUSTRALIA
BRASIL	CANADÁ	CHINA
EUA	EMIRATOS ÁRABES UNIDOS	XAPÓN

EMPREGOS DE TEMPORADA	28
<hr/>	
Tipos de emprego de temporada	28
Onde informarse, acceder a ofertas, inscribirse...	29
Bélxica, Holanda e Suíza	30
Francia	30
Reino Unido	31
Malta	32
Austria, Alemaña e sur do Tirol	33
PRÁCTICAS NO ESTRANXEIRO	33
<hr/>	
Prácticas nas institucións europeas	33
Eurodesk	33
Argo Global	34
Eurodyssee	34
Bolsas Faro	34
VOLUNTARIADO, CAMPOS DE TRABALLO E BOLSAS	34
<hr/>	
Voluntariado e campos de traballo	35
Bolsas	35
IDIOMAS	36
<hr/>	
Recursos para tradución de web noutros idiomas	37
FOROS/BLOGS/REDES SOCIAIS	37
<hr/>	
TRÁMITES, VIAXE E ALOXAMENTO	38
<hr/>	
Trámites	38
Viaxe	39
Aloxamento	39
Traballo a cambio de aloxamento	40

INTRODUCCIÓN

A guía que presentamos vai dirixida tanto a profesionais da información e/ou orientación como a persoas que están buscando unha oportunidade de emprego no estranxeiro. Estas últimas poden presentar diferentes graos de maduración da idea:

- Persoas que precisan información básica ou panorámica porque están formulándose a posibilidade de emigrar pero non o teñen decidido, nin teñen claras as posibilidades que existen, nin por onde empezar.
- Están aquelas que xa o teñen claro pero que non saben a onde ir, que hai que facer, onde dirixirse para informarse.
- E por último estarían as que o teñen moi claro e saben que tipo de traballo buscan e a onde lles gustaría ir. Neste caso precisan información moi concreta e específica.

E todas poden requirir información variada sobre: ofertas de emprego, trámites, aloxamento, modelos de currículo e cartas de presentación e outros documentos, enlaces con servizos públicos de emprego doutros países, empresas de traballo temporal, axencias de colocación etc. En fin, cada persoa buscará o que precisa e aspiramos a que neste documento poidamos proporcionarullo.

Para poder utilizar esta guía será necesario que posúas uns coñecementos mínimos para navegar pola rede. A dificultade do idioma pode minimizarse usando tradutores e dicionarios en liña que nos permitirán traducir webs que están noutros idiomas, no apartado Idiomas atoparase máis información sobre estes recursos.

QUE ATOPARÁS NESTA GUÍA?

- Ligazóns a guías completas editadas por outras entidades públicas e privadas. A maioría destas guías están centradas na busca de emprego en Europa
- Información sobre as diferentes posibilidades de emprego no estranxeiro, países que ofrecen máis oportunidades laborais, traballos de temporada, ofertas de emprego, profesións máis demandados por países, aloxamento a cambio de traballo...
- Para a xente máis nova, información sobre bolsas, voluntariado, prácticas remuneradas, bolsas, *au-pair*, campos de traballo, aprendizaxe de idiomas...
- Recursos para buscar ofertas como ligazóns a servizos públicos de emprego de distintos países, empresas de traballo temporal, axencias de colocación, xornais, entes específicos como EURES, portais de emprego, metabuscadores...
- Información sobre trámites que hai que realizar antes de marchar, ao chegar e á volta, documentos (e modelos) necesarios en determinados casos como o EUROPASS, currículos e cartas de presentación adaptados a cada país, delegacións de embaixadas, consulados, asociacións...

- Información sobre empresas españolas con delegacións noutros países.
- Información detallada daqueles países que máis oportunidades ofrecen ou que son destinos preferentes para moitas persoas que pensan en marchar fóra, como Inglaterra, Alemaña, Suíza...
- Recursos para contactar con españois residentes no estranxeiro como blogs, foros, redes sociais, comentarios de páxinas específicas...

ANTES DE EMPEZAR TES QUE SABER...

Españois residentes no estranxeiro. Con data do 1 de xaneiro de 2012, segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), hai 2.376.829 residindo no estranxeiro, distribuídos de forma case equivalente por sexos (51,1% mulleres e 48,9% varóns) pero moi desigualmente por continentes, xa que o 64% están en América, o 35,9% en Europa e o 5,1% no resto do mundo. Segundo os datos do INE onde máis residentes españois hai é en Arxentina, seguida de Francia, Alemaña, Estados Unidos, Canadá e Venezuela, todos eles pasan de 100.000 residentes.

Emigración española. Desde 2008, ano no que comezou a crise económica, ata 2012 marcharon ao estranxeiro un total de 215.000 españois. Entre xaneiro e setembro de 2012 abandonaron España 54.912 españois, un 21,6% máis que no mesmo período de 2011, polo tanto vese un aumento significativo de ano en ano, é máis, segundo estimacións do INE, de 2012 a 2021 marcharán máis de 5 millóns de españois a traballar ao estranxeiro. E entre 2012 e 2051 calcúlase que serán 18 millóns as persoas que emigren na busca dunha oportunidade de emprego fóra de España.

Países preferentes. Actualmente, Europa é un destino preferente, encabezando o ranking Inglaterra (7.756) que é o país que máis españois está a recibir cun aumento do 16,4% entre 2008 e 2012, seguida de Francia (5.264), Estados Unidos (5.041), Alemaña (4.408), Ecuador (4.182), Venezuela (3.033) e Arxentina (2.931). A Marrocos marcharon 1.557 e á China 987. No momento de realizar esta guía, a maioría das persoas que se propoñen marchar fóra de España na busca de emprego, elixen maioritariamente como destinos Alemaña, Inglaterra e Suíza, pero estes países están recibindo tal avalancha de inmigrantes que empezan a estar saturados, polo que algúns, como Inglaterra e Suíza e ultimamente tamén Alemaña, están empezando a pedir medidas de control desta inmigración. Se cadra, unha boa idea é buscar destinos que estean menos saturados, menos demandados, diversificar as opcións, planificar ben a busca, organizar a información e despois tomar decisións realistas.

OCUPACIÓNS MÁIS DEMANDADAS

Empregos cualificados. O que din a maioría das guías e expertos/as na materia é que os países receptores de emigrantes (Alemaña, Inglaterra, Austria..) demandan traballadores/as con cualificación, como por exemplo:

- Enxeñerías e telecomunicacións: son moi demandados tanto en Europa, especialmente

Alemaña, Austria e Suíza, como nos Estados Unidos ou Chile. En Brasil precisan de enxeñeiros mecánicos, eléctricos ou de automoción, xa que teñen uns sectores mineiro e enerxético de importancia.

- Persoal sanitario: médicos/as, enfermeiras/os son reclamados en numerosos países como Inglaterra, Alemaña, Austria, Suíza, Noruega, Arabia Saudí e Estados Unidos
- Persoal para traballo social, educación ou administración é demandado en Estados Unidos.
- Outras ocupacións como loxística, márketing, banca, contables e industria farmacéutica son demandados en Alemaña e Reino Unido. Alí tamén necesitan consultores SAP, persoal de administración e vendas.
- Sector servizos é o que recolle o maior número de ofertas de traballo da Unión Europea, aumentando demandas como persoal de venda ou comerciais, seguridade, servizos asistenciais e restauración.
- Arquitectos e outros profesionais da construción son requiridos en Canadá.

Tamén hai boas perspectivas laborais nos países máis activos ante a crise, que segundo o informe “A Global Snapshot” de Antal International son Nixeria, India, China e Rusia cuxas empresas están incorporando persoal a un ritmo importante. No ámbito europeo Austria, Suíza, Luxemburgo e Francia teñen tamén un crecemento importante do seu tecido empresarial. En América do Sur destaca Chile que centraliza a terceira parte das 20.000 ofertas que se xeran en Latinoamérica. Os países que prefiren españois para traballar son Francia, Arxentina e Venezuela seguidos de Alemaña, Suíza, Reino Unido, Brasil, Bélxica e México.




Empregos sen cualificación. Algunhas páxinas de internet afirman que hai boas posibilidades en empregos que non necesitan cualificación en ofertas de temporada, como pode ser comercio, hostalería ou agricultura. Por exemplo, Austria precisa camareiros/as, persoal de limpeza, cociña, recepción, camareiros/as de piso etc., especialmente no Tirolo e tanto para a temporada de verán como para a de inverno.

Na táboa que figura a seguir aparecen os cinco empregos máis demandados na rede EURES, tanto globalmente na UE-27 como desagregados por países:

País	Top 5 postos de traballo EURES abril 2012
 UE-27	<ol style="list-style-type: none"> 1. Vendedores/as e demostradores/as de tenda 2. Finanzas, vendas e profesionais de nivel 3. Servizos de limpeza e servizos de restauración 4. Mecánica de equipos eléctricos e electrónicos e axustadores/as 5. Profesionais da saúde modernos (excepto enfermería)
 Austria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Vendedores/as e demostradores/as de tenda 3. Técnicos en ciencias físicas e en enxeñerías

	<ol style="list-style-type: none"> 4. Mecánicos e axustadores/as de maquinaria 5. Mecánica de equipos eléctricos e electrónicos e montadores
 <p>Bélxica</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ensambladores/as 2. Outros/as operadores de máquinas 3. Outros/as empregados/as de oficina 4. Secretarios/as e operadores/as de máquinas 5. Profesionais de nivel administrativo
 <p>Chipre</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Agricultura, pesca e afíns 2. Servizos de limpeza e servizos de restauración 3. Axudantes, limpadores/as, lavandeiros/as, pasadores/as domésticos e afíns
 <p>República Checa</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 3. Técnicos/as en ciencias físicas e en enxeñerías 4. Ferreiros/as, fabricantes de ferramentas e afíns 5. Condutores de vehículos de motor
 <p>Dinamarca</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coidados persoais e afíns 2. Servizos de limpeza e servizos de restauración 3. Vendedores/as e demostradores/as de tenda 4. Persoal doméstico e afíns, limpadores, lavandeiros e pasadores 5. Profesionais da saúde (excepto enfermería)
 <p>Estonia</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Vendedores/as e demostradores/as de tenda 2. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 3. Servizos de limpeza e servizos de restauración
 <p>Finlandia</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 3. Conserxes, vendas e afíns 4. Vendedores/as e demostradores/as de tenda 5. Profesionais de enfermería e partos
 <p>Francia</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 3. Produción e xerentes de operacións 4. Outros/as directores/as de departamentos 5. Técnicos/as en ciencias físicas e en enxeñería
 <p>Alemaña</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Mecánica de equipos eléctricos e electrónicos e axustadores 2. Profesionais de arquitectura, enxeñería e afíns 3. Mecánicos/as e axustadores/as de maquinaria 4. Servizos de limpeza e servizos de restauración 5. Finalistas de construción e afíns

 Grecia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Vendedores/as e demostradores/as de tenda 2. Servizos de limpeza e servizos de restauración 3. Condutores de vehículos de motor
 Irlanda	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 3. Coidados persoais e afíns 4. Persoal doméstico e afín, limpadores/as, lavandeiros/as e pasadores/as domésticos 5. Outros traballadores/as de servizos persoais
 Italia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 2. Técnicos/as en ciencias físicas e a enxeñería 3. Profesionais de nivel administrativo 4. Profesionais de arquitectura, enxeñería e afíns 5. Secretarios/as e operadores/as de máquinas
 Lituania	<ol style="list-style-type: none"> 1. Condutores de vehículos de motor 2. Profesionais de negocios 3. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 4. Servizos de limpeza e servizos de restauración 5. Vendedores/as e demostradores/as de tenda
 Luxemburgo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Finalistas de construción e afíns 3. Arquitectos, enxeñeiros e afíns
 Países Baixos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Técnicos/as en ciencias físicas e enxeñería 2. Finalistas de construción e afíns 3. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 4. Mecánicos/as e axustadores/as de maquinaria 5. Profesionais de arquitectura, enxeñería e afíns
 Noruega	<ol style="list-style-type: none"> 1. Profesionais da saúde (excepto enfermería) 2. Profesionais do ensino de educación especial 3. Físicas e ciencias da enxeñería técnicos 4. Vendedores/as e demostradores/as de tenda 5. Profesionais do dereito
 Polonia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 2. Vendedores/as e demostradores/as de tenda e postos de mercado 3. Persoal doméstico e afín, limpadores/as, lavandeiros/as e pasadores/as domésticos 4. Servizos de protección 5. Condutores de vehículos de motor
 Portugal	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Operarios de téxtil, confección e afíns 3. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 4. Outros servizos de traballo persoal

	5. Axudantes, limpadores/as, lavandeiros/as e pasadores/as domésticos e afíns
 Eslovaquia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Condutores de vehículos de motor 3. Finanzas e vendas e profesionais de nivel 4. Moda e outros modelos 5. Ferreiros/as, fabricantes de ferramentas e afíns
 Eslovenia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Servizos de limpeza e servizos de restauración 2. Operarios de construción 3. Vendedores/as e demostradores/as de tenda
 Suecia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Vendedores ambulantes e afíns 2. Persoal doméstico e afin, limpadores/as, lavandeiros/as e pasadores/as domésticos 3. Condutores de vehículos de motor 4. Mensaxeiros/as, carrexadores, porteiros e afíns 5. Operadores de máquinas de metal e minerais

Podemos atopar información máis variada sobre oportunidades laborais en Europa na [Guía práctica ¿Cómo buscar empleo en el extranjero?](#) Editada polas Asesorías Laborales para Jóvenes de Comisiones Obreras de Castilla y León, ten información detallada a partir da páxina 19 sobre Alemaña, Dinamarca, Francia, Italia, Noruega e Reino Unido.

A [Guía de recursos europeos para jóvenes](#) da Deputación de Alicante a partir da páxina 90 ofrece enlaces de Sepe/EURES con información detallada de países europeos.

A Comisión Europea ten un páxina web <http://euskilspanorama.ec.europa.eu/> onde se pode atopar ampla información sobre ocupacións, sectores económicos, fichas de países etc. Presentando informes con situación actual, tendencias de futuro, comparativas de varios anos etc. Por exemplo, nela podemos atopar un informe cos empregos máis demandados en diferentes países europeos.

Resto do mundo:

Estados Unidos: <http://www.consejosgratis.es/tag/estados-unidos/> con información sobre os empregos máis demandados, a visa de traballo americana etc. No seguinte enlace enumera os 5 estados americanos que máis traballadores/as demandan e en que profesións <http://www.consejosgratis.es/estados-de-usa-con-mayor-demanda-laboral/> e tamén ten artigos semellantes para Canadá e outros países. En fin, é unha páxina na que mergullarse e buscar información útil de diferentes países do mundo.

www.mevoyalmundo.com ofrece guías de países e outra información interesante.

Aceso a listaxes de empresas españolas con presenza en países de todo o mundo: http://www.icex.es/icex/cda/controller/pageICEX/0,6558,5518394_5519172_5547593_4242077,00.html Ligazón ao Instituto de Comercio Exterior do Goberno de España que permite descargar

archivos pdf con listaxes de empresas españolas no estranxeiro; neste caso lévanos ao pdf de empresas españolas en Suíza. Se poñemos “*directorio de empresas españolas*” no buscador da páxina danos un total de 500 resultados que podemos pinchar para acceder aos arquivos pdf de numerosos países, probamos e algún non teñen arquivo asociado así que non dá ningún resultado, outros non están moi actualizados porque están datados en 2006 ou 2008, pero para os países máis importantes si que teñen información actualizada.

A IMPORTANCIA DO IDIOMA

É primordial dominar o idioma para que, sendo de fóra, te valoren nunha entrevista se o que queremos é optar a traballos cualificados con boas condicións laborais. Pode non ser tan importante se aspiramos a empregos de baixa cualificación como son os de temporada en países de Europa. O obstáculo do idioma desaparece se decidimos ir a países latinoamericanos. Tampouco parece moi determinante para ir aos Estados Unidos, onde o número de hispanofalantes é moi importante e cada día máis todo está en bilingüe (inglés e español).

De todas formas, e sendo realistas, o idioma pode ser un dos maiores obstáculos á hora de emigrar, e con frecuencia, o que aquí consideramos un nivel intermedio de inglés en moitos países ser considerado un nivel baixo. Perfeccionar polo tanto este aspecto pode marcar a diferenza entre ter unha oportunidade ou non dela. Así de claro.

Recursos para estudar, practicar ou acreditar coñecementos en lingua atoparalos no apartado correspondente máis adiante nesta guía.

INFÓRMATE TODO O QUE POIDAS

As cousas non son tan fáciles nin bonitas como as pintan algúns programas de televisión. Informarse é importante e podemos facelo a través de coñecidos, foros, blogs de españois que residen no estranxeiro que poden contarnos a realidade do día a día da súa experiencia, ademais de facilitar información valiosa e tamén contactos. Un exemplo de foro con información moi variada e sobre calquera lugar do mundo é <http://www.spaniards.es/foros/informacion-sobre-trabajo>. Podemos usar como exemplo un post de Spaniards e comprobar para que serve e que podemos conseguir nestes foros en <http://www.spaniards.es/foros/2013/04/28/necesitamos-ir-a-trabajar-4>, onde unha parella pregunta polas posibilidades que ofrece Alemaña e outras persoas lle responden. Non é raro que algún post informe de ofertas de emprego, como por exemplo esta ligazón <http://www.spaniards.es/foros/2013/05/08/3-ofertas-de-trabajo-estacional-en-francia>.

Consultar portais de emprego e páxinas que colgan ofertas darannos información sobre o tipo de profesionais que demandan en diferentes países. Neste sentido, un lugar de visita obrigada é a rede EURES, onde podemos atopar unha gran base de datos con máis de 5.000 ofertas de emprego. Outro recurso interesante é a web de traballo internacional Monster.

Tamén podemos contactar con empresas españolas no estranxeiro. A través da web do Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX) www.icex.es podemos descargar arquivos pdf con listaxes de empresas españolas por países. E tamén hai a posibilidade de contactar con delegacións de empresas estranxeiras radicadas en España, como por exemplo a finesa Nokia.

O seguinte enderezo <http://www.indexmundi.com/map/?v=27&l=es> ofrece datos sobre o equilibrio migratorio en países de todo o mundo a través dunha táboa ordenada pola taxa de migración neta. Nos anos de bonanza económica España recibía 800.000 inmigrantes ao ano.

BUSCANDO OFERTAS DE EMPREGO NO ESTRANXEIRO...

As posibilidades que ofrece a rede para buscar ofertas de emprego parecen ilimitadas, aínda que non o son. Podemos clasificar estes recursos de moitas formas, xa sexa en función da súa gratuidade ou non. Por exemplo, as axencias especializadas cobran polos seus servizos, como www.londonworkexperience.com/, que cobra 495 € en temporada baixa e 595€ en temporada alta. Estas empresas facilitan a busca de traballos -polo xeral non che garanten que o atopas-, concretamente facilitan un número determinado de entrevistas de traballo e adoitan dedicarse a empregos de baixa cualificación, como *au-pair*, hostalaría etc. Están especialmente dirixidas á xuventude e tamén xestionan o aloxamento, aprendizaxe de idiomas, trámites de estadia etc. <http://www.time2london.com/trabajar-londres> ofrece, segundo aparece na súa páxina web:

- Acceso a entrevistas laborais
- Asistencia en castelán
- Axuda para abrir unha conta corrente
- Corrección do teu currículo en inglés
- Axuda para conseguir o NIN, imprescindible para traballar
- Tarxeta sim coa compañía O2 (imprescindible para que contacten contigo para as entrevistas)
- Contacto co General Practitioner (asistencia sanitaria local para poder ir ao médico)

O programa ten unha duración de dous meses, cun bo nivel de inglés poderás optar a 2-3 entrevistas semanais, se o teu nivel de inglés non é moi bo optarás a 1-2 entrevistas por semana.

Os prezos destes servizos varían dunhas a outras, como tamén varían as opinións sobre elas que atopamos nos foros, onde algunhas son bastante criticadas. O noso consello é que te informes, que busques referencias, antes de decidirte por este recurso.

Deixando a un lado estas axencias, os recursos gratuítos para localizar ofertas de emprego son innumerables. En primeiro lugar destacar as redes públicas, como EURES, ou apartados especializados dos servizos públicos de emprego. Por outro lado están os portais de emprego, como Monster, e os buscadores e metabuscadores especializados. Tamén son un bo recurso as empresas de traballo

temporal (ETT) ou os enlaces a xornais doutros países que publican ofertas de emprego. E, por último, as páxinas especializadas de busca de traballo no estranxeiro como <http://www.eltemporero.es/> para traballos de temporada en diferentes sectores e países.

Atoparás moita máis información sobre a busca de ofertas de emprego no apartado correspondente desta guía.

GUÍAS DE EMPREGO DISPOÑIBLES EN INTERNET

GUÍAS XERAIS

Un xeito de atopar información é a consulta de guías de emprego en formato PDF que tratan de agrupar as cuestións e preguntas máis frecuentes que van desde os requisitos e condicións para establecerse fóra, pasando polos portais de busca de ofertas de traballo, elaboración do currículo, direccións de interese, aloxamento, idiomas, estudos...

O máis normal é que a información dunha guía sexa moi semellante a outras e as diferenzas estean na amplitude con que abranguen os distintos apartados, unhas céntranse máis na busca de emprego e as máis completas teñen apartados para viaxe, aloxamento, idiomas, formación, bolsas e prácticas, oposicións na UE e voluntariado.

Quizais a máis ampla sexa a realizada polo Observatorio Vasco de la Juventud chamada [Guía destino Europa](#), que con algo máis de 200 páxinas é a máis completa de todas porque tenta incluír todos os temas: viaxar por Europa, idiomas, emprego, formación, currículo e Europass, prácticas e bolsas, traballo en vacacións, voluntariado, *au-pair* e información sobre a Unión Europea.

Moi recomendable e práctica é a guía editada pola Diputación de Alicante, [Guía de recursos europeos para jóvenes](#) con información para viaxar por Europa, estudar, traballar e voluntariado europeo.

Outra guía interesante é a de Comisiones Obreras de Castilla y León [Guía práctica ¿Cómo buscar empleo en el extranjero?](#), moito máis reducida pero cun anexo final interesante sobre a busca de emprego nos países europeos máis demandados, con ligazóns a buscadores de ofertas agrupados por países (sempre no idioma deses países).

Máis orientada aos mozos menores de 30 anos é a guía do Injuve (Instituto de la Juventud) [Estudiar y Trabajar en Europa. Guía de Recursos](#), que intenta dar resposta a onde ir e onde buscar estudos e traballo, que se precisa en función do país e saber como viaxar.

Unha guía moi pequena pero que ofrece o básico sobre EURES, sitios con ofertas, portais de emprego e idiomas é [Cómo buscar empleo en el extranjero](#), que publica a Cámara de Comercio e Industria de Zaragoza, é a máis curta de todas, pero é unha boa vía para comezar.

Aínda que non se trata dunha guía de busca de emprego a [Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais](#), publicada pola Fundación Galicia Europa, ofrece unha extensa oferta de bolsas da propia Fundación, de organismos públicos autonómicos, nacionais e

internacionais, prácticas na Unión Europea e organismos internacionais, nas áreas científicas e idiomas. Está orientada a mocidade que acaba de rematar os seus estudos e destaca a súa forma clara de presentar a información por medio de fichas resumo ben estruturadas.

GUÍAS ESPECÍFICAS DE PAÍSES

As guías anteriores están centradas na busca de emprego en xeral nos países da Unión Europa pero se xa sabemos dun destino concreto podemos centrar máis a busca de información e ofertas, para isto o SEPE (Servizo Público de Emprego) ten un [apartado con información](#) de 27 países europeos, aínda que só están traducidos Inglaterra (recomendado) e Irlanda e os demais están en inglés.

O Goberno de Cantabria ten unhas **microguías por países** en formato PDF de tres ou catro páxinas con cinco apartados: busca de emprego, prácticas, traballar en vacacións, *au-pair*, enderezos útiles e información turística na ligazón: <http://jovenmania.com/index.php/comunes/contenido/id/7502/h/>.

EURES: European Employment Service

A rede [EURES](#) (Servizos Europeos de Emprego) está formada polos servizos públicos de emprego, sindicatos e organizacións empresariais, coordinados pola Comisión Europea, de 31 países europeos e ten como misión:

- Informar, orientar e asesorar a traballadores sobre oportunidades de emprego e condicións de vida e de traballo no espazo económico europeo;
- Axudar ao empregador na contratación de traballadores doutros países;
- Ofrecer orientación e asesoramento válido a traballadores/a e empresarios/as de rexións fronteirizas.

É unha páxina de consulta obrigada, moi completa e está ben estruturada, resulta sinxelo moverse por ela e podemos acceder a moita información útil e básica sobre Europa.

Posúe unha ligazón de [busca de emprego](#) que centraliza en tempo real todas as ofertas de traballo dos países da rede e podemos inscribirmos nelas abrindo unha conta **Mi EURES**. Teremos que cubrir o noso currículo en liña para presentarnos ás empresas.

Ofrece a posibilidade de contactar cunha rede de máis de 800 [conselleiros EURES](#) que prestan servizos de información, orientación e colocación, sete deles están en Galicia:

Elisa González Pérez

Enderezo: Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, Servizo Público de Emprego Ronda de Don Bosco,1 ES - 36202 Vigo- Pontevedra

Teléfono:+34 886 218164

Email: ures-pontevedra.gonzalez@sepe.es

Manuel Iglesias Suarez-Noguerol

Enderezo: Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, Servizo Público de Emprego. Rúa do Progreso 11 baixo EE - 32003 Ourense

Teléfono:+34 988 22 26 36

Fax:+34 988 22 26 41

Email: eures-ourense.iglesias@sepe.es

Covadonga López López

Enderezo: Xunta de Galicia, Consellería Traballo e Benestar, Servizo Público de Emprego. M Victoria Fdez-España y Fdez-Latorre 1 15002 A Coruña

Teléfono:+34881 881 333

Fax:+34 881 881 339

Email: eures-coruna.lopez@sepe.es

Laura Otero Rúa

Enderezo: Rúa do Vilar, 54 ES 15704 Santiago de Compostela

Teléfono:+34 981 555 888

Fax:+34 981 555 882

Email: l.otero@ceg.es

Carmen Santalla Novo

Enderezo: Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, Servicio Público de Emprego. Edif. administrativo, Ronda da Muralla 70 ES - 27071 Lugo

Teléfono:+34 982 29 42 85

Fax:+34 982 29 42 82

Email: eures-lugo.santalla@sepe.es

Emília Seoane Pérez

Enderezo: Vicerreitorado de Relacións Institucionais Campus Universitario As Lagoas s/n, Unidade Administrativa ES - 32004 Ourense

Teléfono:+34 647 343 069

Fax:+34 988 38 73 19

Email: eures.universidade.emilia@uvigo.es

Maria Teresa Serrano Moreno

Enderezo: Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, Servizo Público de Emprego. Oficina de Apoio ao Empregador. Ronda de Don Bosco nº1, Vigo - 36202 Vigo

Teléfono:+34 986817747

Fax:+34 886218161

Email: eures-pontevedra.serrano@sepe.es

Na páxina 70 da [Guía de recursos europeos para jóvenes](#) vén recollida máis información sobre EURES.

Outra das iniciativas promovida por EURES é **o teu primeiro traballo EURES "YOUR FIRST EURES JOB"**, un proxecto de axuda económica á mocidade de 18 a 30 anos que buscan emprego nun país de Europa distinto ao de orixe e ás empresas interesadas na contratación de mozos procedentes doutro país da UE.

- **Para os mozos/as** as axudas son os **gastos de viaxe e as axudas de custo** para facer unha entrevista de selección ou para **gastos de desprazamento** ao outro país se se obtén un contrato.
- **Para as empresas** son axudas para **programas de integración** (formación no posto de traballo, idiomas, apoio...)

Información en: [O teu primeiro traballo EURES "YOUR FIRST EURES JOB"](#)

EUROPASS

[Europass](#) ofrece cinco modelos de documentos válidos na Unión Europea para presentar as capacidades e cualificacións:

1. Dous deles, de libre acceso, que podemos elaborar nós mesmos:
 - **O currículo (CV)**, adaptado ao modelo europeo que podemos cubrir en liña ou descargar en diferentes idiomas. A través de [Mi EURES](#) podemos introducir o noso currículo europeo na base de datos de Europa.
 - **O pasaporte de linguas**, que amosa as competencias e cualificacións lingüísticas.
2. Outros tres documentos son expedidos polas autoridades de educación e formación de cada país:
 - **A mobilidade Europass**, no que figuran os coñecementos e as capacidades adquiridas noutros países europeos.
 - **O suplemento ao título de técnico ou ao certificado de profesionalidade** é un complemento á información incluída nos certificados e títulos oficiais.
 - **O suplemento ao título superior** é un complemento á información dos títulos oficiais superiores que facilita a súa comprensión noutros países.

Os catro últimos: pasaporte de linguas, mobilidade Europass, suplemento ao título técnico e suplemento ao título superior constitúen o que se coñece como **pasaporte europeo de competencias**, un cartafol para reforzar o teu currículo.

En cada país da Unión Europea e do espazo económico europeo, un centro nacional Europass coordina todas as actividades referentes a estes documentos. O contacto en España é:

<http://www.oapee.es/oapee/inicio/iniciativas/europass.html>.

SERVIZOS PÚBLICOS DE EMPREGO

EN EUROPA:

O **SEPE** Servicio Público de Empleo (antigo Inem) ofrece acceso as ofertas de emprego EURES e a información e as guías para traballadores que queiran desprazarse. As [ofertas de traballo e procesos selectivos](#) por Europa están conectadas coa rede EURES e están agrupadas por países.

Nesta ligazón <http://www.sepe.es/contenido/conocenos/informacion/enlaces/europeos.html> está a relación dos servizos públicos de emprego europeos.

NO MUNDO:

A Asociación Mundial dos Servizos Públicos de Emrego **AMSPE** ten unha listaxe das páxinas oficiais dos servizos de emprego:

Africa <http://www.wapes.org/infos/info/liste-membres-afrique-esp-ol--@/index.jspz?id=314>

América <http://www.wapes.org/infos/info/liste-membres-amerique-esp-ol--@/index.jspz?id=316>

Asia e o Pacífico <http://www.wapes.org/infos/info/liste-membres-asie-pacifique-esp-ol--@/index.jspz?id=916>

Medio Oriente e países árabes <http://www.wapes.org/infos/info/liste-membres-moyen-orient-pays-arabes-esp-ol--@/index.jspz?id=918>

PORTAIS INTERNACIONAIS DE EMPREGO

Un dos buscador de ofertas de emprego con maior presenza en todo o mundo

<http://www.monster.es/>

Infojobs ten un apartado de busca internacional

<http://www.infojobs.net/>

O portal infoempleo na parte internacional

<http://www.infoempleo.com/ofertas-internacionales/>

Páxina web que ofrece unha lista de buscadores de emprego internacional, solidario ...

<http://www.empleolibre.com/buscadortop.htm>

Buscador con ofertas de emprego en todo o mundo

<http://www.globalplacement.com/>

Buscador con ofertas de emprego en varios países de todo o mundo

<http://www.myforeignjob.com/es/>

Buscador de emprego en diferentes países de Europa

<http://europeos.es/>

Buscador con ofertas de emprego en todo o mundo

<http://www.trabajosporelmundo.com/ofertas/>

Buscador de ofertas en Europa

- <http://www.cityjobs.com/>
Buscador de emprego (idioma inglés)
- <http://www.latpro.com/>
Buscador de emprego (idioma inglés)
- <http://www.4icj.com/>
Buscador de emprego en Europa (idioma inglés)
- <http://www.eurojobs.com/>
Web de contratación en liña con base de datos de empregos en varios países de Europa
- <http://www.stepstone.com/>
Buscador de emprego internacional (idioma inglés)
- <http://www.anyworkanywhere.com/>
Buscador de emprego en Europa (idioma inglés)
- <http://www.gojobsite.es/>

PORTAIS DE EMPREGO POR PAÍSES

ALEMAÑA

Guía do SEPE para traballar en Alemaña:

http://www.sepe.es/contenido/conocenos/publicaciones/pdf/Trabajar_Alemania.pdf

Guía Vivir y trabajar en Munich con información de empresas, portais de busca e outros recursos interesantes: <http://www.consejeriadetrabajo.de/Muenchen.pdf>

Portal do servizo de emprego alemán: <http://www.arbeitsagentur.de/> (en alemán)

Páxinas web con ofertas de emprego en Alemaña (idioma Alemán)

<http://www.jobware.de/>

www.jobrapido.de

www.careerjet.de

www.jobscout24.de

www.stepstone.de

www.karriereundjob.de

www.bw-jobs.de

www.fis.lasa-brandenburg.de

www.mw.niedersachsen.de

www.pfiff-sachsen-anhalt.de

www.wfb-bremen.de

www.jobs.de

www.jobrobot.de

www.kimeta.de

www.monster.de

www.wiwi-online.de

www.jobboerse.arbeitsagentur.de

www.mittelstand-in-bayern.de

www.sachsekommzurueck.de

www.thaff-thuringen.de

www.arbeit.nrw.de

www.mv4you.de

AUSTRIA

Vivir e traballar en Austria (guía en inglés):

http://www.ams.at/docs/eurespub_en_11.pdf

Servizo estatal de emprego de Austria AMS:

<http://www.ams.at/sfa.html>

<http://www.steirerjobs.at/firma/trummer-montage--personal-gmbh-,279>

<http://www.jobpilot.at/>

<http://derstandard.at/anzeiger/derjob/SearchForm.aspx>

<http://www.dermarkt.at/>

DINAMARCA

É recomendable consultar a guía *Vivir y trabajar en Dinamarca* que publica a Embaixada de España en Dinamarca:

<http://www.exteriores.gob.es/subwebs/Embajadas/Copenhague/es/MenuPpal/Viviren/establecerse/Documents/GuiaVivirTrabajarDK.pdf>

Portais con ofertas:

ofir.dk

workindenmark.dk (páxina de emprego do goberno danés)

monster.dk

jobindex.dk

FINLANDIA

<http://www.biginfinland.com/trabajos-en-finlandia-mas-demandados/> un blog que trata especificamente sobre **Finlandia** onde atopamos listaxes dos empregos máis demandados e dos menos demandados, e incluso ofrece unha guía de axuda para traballar en Finlandia para españois e estranxeiros

www.oikotie.fi

www.biisoni.fi

www.uratie.net

www.tyopaikat.com

www.adecco.fi

www.aarresaari.net

www.staffpoint.fi

www.monster.fi

www.uranus.fi

www.careerjet.fi

FRANCIA

Guía [Buscando empleo en Francia](#) publicada polo SEPE con información sobre oportunidades de emprego, como atopar traballo a través de EURES, os servizos de emprego públicos franceses e axencias privadas.

ec.europa.eu

www.apec.fr

www.cadresonline.com

www.domexpats.com

jd.apec.fr

www.capcampus.com

www.en-stage.com

www.f1rstemploi.fr

www.jeunedip.com

www.letudiant.fr

www.sourcea.fr

www.cademploi.fr

www.domemploi.com

www.jobaroundme.fr

www.afij.org

www.directetudiant.com

www.etudis.com

www.iquesta.com

www.kapstages.com

www.pagetalent.fr

Ver tamén o apartado de empregos de temporada.

HOLANDA

Guía de vivir e traballar en Holanda (inglés):

https://www.werk.nl/pucs/groups/public/documents/document/wdo_007730.pdf

Ofertas de emprego e outra información (en holandés):

https://www.werk.nl/werk_nl/werknemer/home

<http://www.nationalevacaturebank.nl/>

www.werk.startpagina.nl

<http://www.octagon.nl/>

<http://www.joho.nl/>

IRLANDA

Guía do SEPE para traballar en Irlanda pode ser unha boa forma de tomar contacto co país:

http://www.sepe.es/contenido/conocenos/publicaciones/pdf/Trabajar_Irlanda.pdf

Podemos continuar coa microguía do Goberno de Cantabria:

<http://jovenmania.com/index.php/comunes/descargarDoc/id/7502-15>

Portal do servizo público de emprego Irlandés: www.fas.es

Portais de emprego:

Monster.ie

Jobs.ie

IrishJobs.ie
RecruitIreland.com
Careerjet.ie
PublicJobs.ie
EmployIreland
BestJobs
Construction-Jobs.ie
Economists Jobs
Betterjobs.ie

FindaJob.ie
DublinWork.com
AdminJobs.ie
HotelJobs
Education Posts
Experteer.com
Finance Jobs
Hook Head

MALTA

Guía do SEPE http://www.sepe.es/contenido/conocenos/publicaciones/pdf/Trabajar_Malta.pdf

Microguía de emprego en Malta:

<http://jovenmania.com/index.php/comunes/descargarDoc/id/7502-20>

Vivir e traballar en Malta, guía publicada pola Unión Europea (inglés) sobre condición de vida e traballo <https://www.eures.com/mt/HomeDir/Documents/ER-04-081212-eureslivingreport.pdf>

Foro bastante activo de españois que queren ir ou están a traballar en Malta:

<http://www.spaniards.es/foros/2012/09/02/trabajar-y-vivir-en-malta>

Páxina do Servizo Público de emprego maltés, con ofertas en liña e ligazóns a empresas que ofrecen traballo: etc.gov.mt

Portais de emprego:

www.vacancycentre.com

www.prlmalta.com/

www.maltapark.com/jobs

www.people.com.mt/

jobs.justlanded.com/es/Malta/1

Un dos principais xornais de Malta (traballos cualificados) www.timesofmalta.com/careers.

NORUEGA

Pequena guía, *Buscando Emprego en Noruega*, publicada polo SEPE:

http://www.sepe.es/contenido/conocenos/publicaciones/pdf/Buscando_Empleo_Noruega.pdf

Blog con información sobre Noruega que tamén publica ofertas <http://www.elblogdenoruega.com/>

Portal da oficina de emprego de Noruega (está en noruegués, utilizar tradutor)

<http://www.nav.no/Forsiden>
<http://www.iktjobb.no/>
<http://stillinger.no/>
<http://www.norwayjobs77.com/> (en noruegués)

páxina de anuncios con sección de emprego: <http://www.finn.no/jobbb/> (en noruegués)

REINO UNIDO

